


CELEBRACIÓN DA SAGRADA FAMILIA EN OS COTOS

29-30 de decembro do 2018

FESTA DA SAGRADA FAMILIA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
CO POBO DE SIRIA QUE SOFRE UNHA GUERRA INJUSTA,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE
E COA NATUREZA MALTRATADA POLOS INCENDIOS



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

CANTO 🎵 *nº 1* *Que ledos hoxe estamos*
ou nº 65 *Imos compañeiros imos*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante

Benvidos sexamos todos a este encontro. Reunímonos en comunidade no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

No tempo do Nadal, a liturxia pon esta festa da Sagrada Familia á nosa consideración. Quere que vexamos como Deus feito home vive coma nós no fogar da familia de Nazaret.

Xesús nace nunha familia coma calquera outra na que é preciso vivir unhas relacións que asentadas no amor e respecto mutuo, froito da igualdade e a colaboración entre os membros da comunidade familiar.

A comprensión, a dozura, a confianza, a comunicación e o respecto, son actitudes que axudan a que vaia medrando cada día esa comunidade de vida e amor.

Pero na familia tamén aprendemos o esforzo, o sacrificio, a renuncia, o dominio propio, a humildade, o perdón... Sen valores coma estes, a convivencia familiar faise baleira.

Teñamos moi presentes hoxe na celebración ás nosas familias e ás que están a pasar momentos difíciles.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

OU CANTO *♪ n° 66* *Gloria ao Señor nas alturas*

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

TODOS: *GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS E
NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior; e agradecemos a familia na que compartimos e medramos.
(silenzo)

Deus, noso Pai,

Ti quixeches darnos a Sagrada Familia
coma exemplo.

Concédenos a graza de practicarmos coma ela
as virtudes familiares

e de estar unidos polos vínculos do teu amor.

E xúntanos a todos na alegría eterna do teu fogar.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo,
que viviu en familia

e reina por sempre eternamente. Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

No Leccionario I – C páxina 33

LECTURA

**LECTURA DA CARTA DO APÓSTOLO PAULO
AOS COLOSENSES**

♪ n° 3 Unha xuntanza de amor
ou n° 68 Con un sombreiro de palla

SALMO

(en pé) No Leccionario I – C páxina 34

EVANXEO

**PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO
SEGUNDO LUCAS**

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller
a Palabra no corazón

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Neste encontro parroquial e neste día da festa da Sagrada Familia, sabendo que Xesús vive no medio de nós, damos resposta da nosa fe diante dos demais dicindo:

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
como naquel cortello de Belén?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na igrexa,
comunidade e familia que quere medrar
acollendo a Xesús
que se fai no medio dos empobrecidos desta terra?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante Movidos pola nosa fe que nos une en comunidade, e que nos convida a seguir os pasos da Sagrada Familia, rezamos dicindo:

SAGRADA FAMILIA ROGADE POR NÓS.

Monitor/a

1. Pedimos polas familias cristiáns para que saibamos descubrir na familia de Xesús, un exemplo para todos. Oremos
2. Pedimos para que nas familias da terra medren actitudes de paz, de boa convivencia, e de respecto con quen pensa, vive ou cree diferente. Oremos
3. Pedimos para que todos atopen en nós un exemplo de familia que lles axude a descubrir en Deus a un pai, en María a unha nai e en Xesús a un irmán. Oremos
4. Hoxe que celebramos a fe honrando á Sagrada Familia de Xesús, pedimos por todas as familias desta comunidade de Os Cotos, especialmente polas que están pasando apuros, oremos.
5. Pedimos hoxe tamén por todas as familias que andan á procura de refuxio, e polas que sofren violencia de xénero, oremos

Celebrante: Grazas Pai porque agora coa nosa oración comprometémonos a facer o evanxeo coma a familia de irmáns na que nos nace Cristo, noso Señor. Amén

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Descubrimos a Deus cando sae ao noso encontro, cando se fai comunidade, cando decide compartir con nós coma Pai, cando nos acolle nos seus brazos abertos. Agora como familia imos rezar con palabras sinxelas e agarimosas ao corazón de Deus.

NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante As nosas mans tendidas uns para os outros falan da nosa vontade de vivir coma unha familia de irmáns. Sabendo que a facemos con xestos e pasos pequenos, dámonos agora a man de irmáns en Cristo, e que o Deus da paz nos alente a ser luz de Nadal.

CANTO 🎵 *nº 38* **Que medre a paz na nosa terra**

COMUÑÓN

Celebrante: Coma familia estamos na mesa porque Xesús comparte con nós, e convidanos a que nós fagamos o mesmo. A Eucaristía é anticipo da familia que comparte á mesa á beira do Pai.

Ditosos todos nós convidados hoxe a este pan do Señor.

CANTO *nº 58* 🎵 **Acharte presente na vida**
ou nº 71 🎵 **Canta, cantade pastores**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante

Pai misericordioso, Ti confortáchesnos con esta comunión. Fai que, seguindo o exemplo da Sagrada Familia, poidamos participar con eles na gloria do ceo despois dos traballos desta vida. Pedímoscho por Xesucristo, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente

Co nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén

El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso da chegada do salvador no seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén

E polo Nadal do seu Fillo uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

***Que o Señor, por intercesión da Sagrada Familia,
nos bendiga, †
nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén***

MOI BO FIN DE ANO PARA TODOS,
E QUE O VINDEIRO 2019 SEXA FARTURENTO